



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2025/4	El Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data: 22/05/2025

Duración:

Dende 11:03 ata as 12:22

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

JAVIER HUERTAS OTERO

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ
34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	NON

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. ROCIO LOPEZ GARCIA: «BAIXA POR MATERNIDADE»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
1. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO DA SESIÓN ORDINARIA ANTERIOR	
Favorable	Tipo de votación: Maioría

O Señor Alcalde en funcións pregunta os concelleiros se teñen algunha obxección o borrador da acta da sesión anterior, a sesión ordinaria celebrada o día 27 de marzo de 2025 distribuido coa convocatoria.

Sometido a votación obtivo os votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSOE, e tanto a concelleira do Grupo do BNG como os tres concelleiros do Grupo do PP abstivéronse, resultando aprobada.

2. APROBACIÓN SE PROCEDE, DO RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 2/2025 (EXP 167/2025)
O Sr. Alcalde en funcións manifesta que, son unhas facturas do ano anterior e que agora existe crédito para poder pagalas, e da lectura a seguinte proposta da alcaldía: “PROPOSTA DA ALCALDÍA: Elevase a aprobación do Pleno da Corporación, o expediente 167/2025 de recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2025 polo importe de 57.003,19 €, que corresponden a facturas ou gastos de exercicios anteriores o que se procede a súa imputación orzamentaria e o amparo do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/90, coa adopción do seguinte acordo: Primeiro.- Aprobamos o recoñecemento extraxudicial de crédito 2/2025 polo importe de 57.003,19 €, correspondentes a facturas ou gastos orixinados nos exercicios anteriores que constan no citado expediente da súa razón; coa autorización e asignación do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas das facturas que recolle o expediente da súa razón con cargo o





Concello de Lourenzá

Orzamento Prorrogado para o exercicio 2025.

Segundo.-A adopción por parte da Corporación das medidas necesarias co obxecto de non causar prexuízo nin limitación algunha para a realización das atencións do exercicio corrente, polo consumo que cause a aplicación do gasto o exercicio orzamentario en curso.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Secretaria Intervención, para a súa oportuna contabilización e tramitación do pago das facturas recibidas, con cargo os créditos asignados no exercicio orzamentario en curso.”

A Sra. Fanego pregunta pola factura de Casa Julián Cabarcos.

O Sr. Alcalde en funcións indica que foron desbroces mecanizados do ano 2024

A Sra. Fanego pregunta que por qué zonas se actuou.

O Sr. Alcalde en funcións informa de que se actuou por todo o concello.

A Sra. Fanego pregunta si foron as dúas facturas.

E o Sr. Alcalde en funcións contestalle afirmativamente.

Pregunta a Sra. Fanego si é que non hai medios no concello.

E o Sr. Alcalde en funcións contéstalle que naquel preciso momento non, que agora sí hai maquinaria suficiente e este ano non se precisa contratar axuda externa.

O voceiro do PP fai mención ao informe de Secretaría ao respecto deste punto que indica varias deficiencias. Informan de que eles non van a votar en contra de aprobar e pagar facturas, pero que se ve un problema de previsión ou organización no Concello entre outras cousas. Preocúpalle que a falta de previsión e non hai orzamentos este ano ou polo menos ata final de ano, como ven sendo habitual dende que él forma parte da Corporación municipal como Concelleiro.

O Sr. Arango indica que o primeiro ano non foi posible, e o segundo era xa tan tarde que tivo que dedicarse aos do ano seguinte. E que moita problemática venda falta de datos de Administracións Públicas externas e outros datos necesarios que non chegan no tempo establecido.

A Sra Fanego indica que o problema é a falta de previsión e de falta de personal, que o orzamento está prorrogado e que eles teñen maioría absoluta para sacalos adiante.

O Sr. Voceiro do PP comenta acerca de dúas facturas da Festa do Cabalo que están sin pagar dende o ano pasado.

Informálle o Sr. Arango de que o problema foi que esas facturas non se rexistraron no Concello en prazo ou en forma.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, obtivo os votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSOE, a concelleira do Grupo do BNG vota e contra e os tres concelleiros do Grupo do PP abstivéronse, resultando aprobada por maioría absoluta a proposta de Alcaldía en todos os seus termos.





Concello de Lourenzá

3. APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE LIXO (EXP 177/2025)

Favorable	Tipo de votación: Maioría
------------------	----------------------------------

O Sr. Alcalde en funcións informa de que a modificación desta ordenanza fiscal vén dado pola obrigatoriedade de facer efectivo o pagamento da suba do canon do lixo por parte da Xunta de Galicia e de Sogama pasando de 66 euros a 108 euros por tonelada e que implica que sean os concellos os que deban subir os prezos aos seus veciños. A maioría dos Concellos veciños subiron un 50% namentres que o Concello de Lourenzá opta por unha subida dun 47,5% para garantir que os ingresos contra gastos sexan practicamente equilibrados posibles; contra esa suba a 108 euros solicitouse unha redución dun 3,2%, de 95 euros máis IVA pero que levan aparelladas unha serie de condicións que saben que non se vai a cumprir entre elas disminuir con respecto a fracción resto nun mínimo dun 1% respecto do ano anterior, e un 3% de redución con respecto ao ano anterior de residuos do contenedor amarelo ou de bioresiduos ou contenedor marrón. E pasa a dar lectura a seguinte proposta da alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA.

“Visto que para o Canon/2025 a aplicar pola Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) é de 108 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada mais IVE fixado por Resolución da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático de data 20 de xaneiro de 2025 e que se ten solicitado a aplicación do canon reducido (95 euros/T + IVE) sempre e cando se cumpra cos requisitos previstos no apartado tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014, na modificación operada polo artigo 35 da Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas; a solicitude determina a inmediata aplicación deste canon reducido con efectos a un de xaneiro, se ben condicionada o cumprimento dos citados requisitos.

Visto que se recolle a numeración das Disposicións Adicionais de maneira errónea, xa que, aparece como Disposición Adicional Primeira dúas veces, e vense afectadas as numeracións das Segunda, Terceira e Cuarta, modifícase e dáselle a numeración correcta.

Esta Alcaldía en funcións propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO -Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida de Lixo quedando coa seguinte redacción:

“Nº7.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA POR





Concello de Lourenzá

RECOLLIDA DE LIXO.

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa de recollida de residuos sólidos urbanos, que se rexirá pola presente Ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao prevenido no art. 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2º.- Feito imponible.

1.- Constitue o feito imponible da Taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de basuras domiciliarias e residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos donde se exercen actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos.

2.- A tal efecto, considéranse basuras domiciliarias e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou cuxa recollida ou verquido esixa a adopción de especiais medidas hixénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeita a Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte dos seguintes servizos:

- Recollida de basuras e residuos non calificados de domiciliarias e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.
- Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- Recollida de escombros de obras.

Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refiren o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, calles ou vías públicas no que se presente o servizo, xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou, incluso, de precario.





Concello de Lourenzá

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto do contribuinte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo.

Artigo 4º.- Responsable.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º.- Exencións.

Gozarán de exencións suxetiva aqueles contribuintes que foran declarados pobres por precepto legal, estén inscritos no Padrón de Beneficencia como pobres de solemnidade e obteñan ingresos anuais inferiores ós que corresponda ó salario mínimo interprofesional.

Consideraranse exentas as edificacións aisladas de núcleos de poboación no medio rural ou que estén a máis de 500 metros ó punto de percorrido do vehículo; e as que reúnan ambas características.

Artigo 6º.- Cuota tributaria.

1.- A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa, por unidade de local, que se terminará en función da natureza e destino dos inmobles e da categoría do lugar, praza, calle ou vía pública onde estén ubicados aqueles.

2.- A tal efectos, aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTO ANUAL

Epígrafe 1º.- Vivendas.

Por cada vivenda 178,23.-

(Enténdese por vivenda a destinada a domicilio de carácter familiar e aloxamentos que non excedan de dez prazas.)

Epígrafe 2º.- Aloxamentos.

A).-Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de cinco e catro estrelas, por cada praza





Concello de Lourenzá

477,42.-

B).- Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de tres e dúas estrelas, por cada praza 477,42.-

C).- Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos e hostais de unha estrela, por cada praza 477,42.-

D) Pensións e casas de hóspedes, centros hospitalarios, Colexios e demais centros de natureza análoga, por cada Praza 238,75.-

(Enténdese por aloxamento aqueles locais de convivencia colectiva non familiar, entre os que se inclúen hoteis, pensións, residencias, centros hospitalarios, colexios e demais centros de natureza análoga, sempre que excedan de dez prazas.)

Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.

A) Supermercados, economatos e cooperativas 478,35.-

B) Almacenes ó por maior de froitas, verduras e hortalizas.. 478,35.-

C) Pescaderías, carnicerías e similares 238,75.-

Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración.

A).- Restaurantes 477,16.-

B).- Cafeterías 238,75.-

C).- Whisquerías e pubs 238,75.-

D).- Bares 238,75.-

E).- Tabernas 144,39.-

Epígrafe 5º.- Establecementos de espectáculos.

A).- Cines e teatros 288,82.-

B) Salas de festas e discotecas 288,82.-

C).- Salas de bingo. 288,82.-

Epígrafe 6º.- Outros locais industriais ou mercantís.

A).- Centros oficiais 238,75.-

B).- Oficinas bancarias 238,75.-





Concello de Lourenzá

C).- Grandes almacéns e establecementos 288,82.-

D).- Demais locais non expresamente tarifados 288,82.-

E).- Pequenos locais de negocios non expresamente Tarifados 238,75.-

Epígrafe 7º.- Despachos profesionais.

Por cada despacho. 238,75.-

(No suposto de que a oficina ou establecemento se encontre ubicado na mesma vivenda, sen separación, aplicárase unicamente a tarifa precedente quedando englobada nela a do epígrafe 1º)

Epígrafe 8º.- Vivendas no medio rural.

Por cada vivenda 142,59

3.- As cuotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible e corresponden a doce meses.

4.- Anexo a esta Ordenanza figura un índice alfabético das vías públicas deste Municipio con expresión da categoría que corresponda a cada unha delas.

5.- As vías públicas que non aparezan sinaladas no índice alfabético serán consideradas de última categoría, permanecendo calificadas así ata o un de xaneiro do ano seguinte a aquel en que se aprobe polo Pleno desta Corporación a categoría correspondente e a súa inclusión no índice alfabético de vías públicas.

Artigo 7º.- Devengo.

1.- Devégase a Taxa e nace a obriga de contribuir dende o momento en que se inicie a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando esté establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de basuras domiciliarias, nas calles ou lugares donde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuintes suxeitos á Taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas devengarase o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da Taxa produxerese con posterioridade a dita data, en ese caso a primeira devengarase o primeiro día do trimestre seguinte.

Artigo 8º.- Declaración e ingreso.

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes á data en que se devengue por





Concello de Lourenzá

primeira vez a Taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentando, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cuota do primeiro trimestre.

2.- Cando se conoza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquer variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo en ésta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuase a declaración.

3.- O cobro das cuotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado da matrícula.

Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición Adicional Primeira.- Nos exercicios en que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, estableza unha bonificación do 15% no canon unitario de SOGAMA e o Concello de Lourenzá deba trasladar o importe equivalente ao da devandita bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, establecerase unha bonificación no importe da tarifa do cuarto trimestre equivalente a dita bonificación.

Disposición Adicional Segunda.- Cando se produzan situación catastróficas ou infortunios públicos, previo recoñecemento da situación de emerxencia polo Pleno, os afectados quedarán exentos do pago da taxa no período ou períodos de cobranza correspondentes en tanto perdure a situación de emerxencia. O Alcalde-sa será competente para establecer o procedemento abreviado, prazos de solicitude e resolución dos expedientes. Cando existan concesións ou contratos de servizos, comunicarse ás empresas adxudicatarias para que non efectúen a facturación, asumindo o pago o concello, en concepto de subvención, co obxecto de garantir o equilibrio económico da prestación.

Disposición Adicional Terceira.- En consonancia coa Disposición Adicional Primeira, durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ou xurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e cuia actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do





Concello de Lourenzá

Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, quedarán exentos do pago do SEGUNDO TRIMESTRE/20 da taxa pola prestación do Servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos.

Disposición Adicional Cuarta.- Durante o presente ano 2020, aquelas persoas físicas ou xurídicas así como as comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e cuxa actividade desenvolvida se vira afectada polo peche do seu establecemento en virtude do Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo de medidas para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, terán unha bonificación do 80% nos importes correspondente da Taxa pola prestación do servizo de Recollida de Lixo e Residuos Sólidos Urbanos e para os períodos do TERCEIRO E CARTO TRIMESTRE/20."

Disposición final.

A presente Ordenanza fiscal, a que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o vinteito de setembro de mil novecentos oitenta e nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de mil novecentos noventa, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

SEGUNDO- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello :<http://concellodelourenza.sedelectronica.gal>.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO .- Facultar a Alcaldía, para a sinatura de documentos e xestión de





Concello de Lourenzá

trámites necesarios para a execución do presente acordo.”

A Sra Fanego pregunta cando se van a implantar ese contenedores marróns.

O Sr. Alcalde en funcións indica que houbo unha reunión entre sete Concellos veciños e que están a mirar cómo e os orzamentos para implantalos, pero aínda non saben.

A Sra. Fanega pregunta cando se vai a facer o da redución do canon ao que a Sra. Secretaria indica que xa se está a facer que é automático segundo a documentación.

O Sr. Alcalde en funcións indica que se está a facer xa e que logo en caso de non obter a redución habería que devolvela.

A Sra. Fanega propón formación e outras actividades de concienciación para toda a poboación, non só para os pequenos.

Sometida a votación a proposta da Alcaldía obtivo os votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSOE, a concelleira do Grupo do BNG vota e contra e os tres concelleiros do Grupo do PP votan en contra, resultando aprobada por maioría absoluta a proposta de Alcaldía en todos os seus termos.

4.APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACION PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VO DO DOMINIO PUBLICO LOCAL (EXP 185/2025)

Favorable

Tipo de votación: Maioría

O Sr. Alcalde en funcións fai unha breve explicación dos cambios propostos, a aclaración do feito impoñible e das normas de xestión, expoñendo a seguinte a proposta da alcaldía:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA.

- Visto a **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilizacion privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e vo do dominio publico local.**

Esta Alcaldía en funcións propón o Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO – Aprobar inicialmente a seguinte modificación **Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilizacion privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e vo do dominio publico local:**

“(…) ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.





Concello de Lourenzá

Constitue o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con tendidos, encanamentos e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluídos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, rieles, básculas, aparellos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público local ou voen sobre os mesmos.

Tamén constituirán o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local o aproveitamento de vías e terreos de uso público mediante a ocupación con terrazas con fins lucrativos por parte dos establecementos hosteleiros, os aparatos surtidores de gasolina e análogos, a reserva especial da vía pública ou de terreos de uso público para as prácticas de autoescolas ou similares, a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos, e calquera outra instalacións distintas anteriores que impliquen a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

(...) ARTIGO 6º. NORMAS DE XESTIÓN.

1.-A taxa regulada por esta Ordenanza xestionarase no rexime de autoliquidación para as primeiras utilizacións ou aproveitamentos; e por Padrón para as autorizadas por prazo superior a un ano.

2.-Non obstante o anterior, no suposto contemplado no artigo 5º.2 desta Ordenanza, procederáse á presentación por parte do suxeito pasivo no Rexistro Xeral da Entidade, da autoliquidación da taxa con carácter trimestral constituíndo a base imponible da autoliquidación, sen prexuízo de canto se establece no apartado terceiro, dentro dos quince primeiros días do mes inmediato seguinte ó remate do trimestre a autoliquidar, comprensiva dos ingresos brutos de facturación e do importe a satisfacer da presente taxa.

3.-Constitúese como obriga tributaria formal para o suxeito pasivo a declaración de alta, variación e baixa da utilización ou aproveitamento, ou de calquera dos seus elementos. Así mesmo, constitúese como obriga tributaria formal das empresas explotadoras dos servizos de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante do vecindario, a remisión ó Concello do listado clasificado de tarifas onde conste, para cada unha delas, os conceptos de facturación correspondentes ás subministracións realizadas no termo municipal





Concello de Lourenzá

de Ribadeo.

4.-A exacción da taxa compatibilizaráse coa que se derive da prestación de servizos ou a realización de actividades reguladas noutras Ordenanzas, co imposto sobre Construcións, Instalacións e obras, así como coa obriga de constituír depósito ou garantía por utilizacións e obras, de constituír depósito ou garantía por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais nos que se estime que sexa posible a destrución ou deterioro do dominio público, nos termos e condicións regulados na ordenanza que, segundo o tipo de utilización ou aproveitamento, sexa de aplicación.

SEGUNDO- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local e artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expoñer as reclamacións que estimen oportunas. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello :<http://concellodelourenza.sedelectronica.gal>.

TERCEIRO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

CUARTO .- Facultar a Alcaldía, para a sinatura de documentos e xestión de trámites necesarios para a execución do presente acordo. ”

Informa dun erro a Sra. Fanego xa que a redacción fala do Concello de Ribadeo ao que a Sra. Secretaria-Interventora municipal explícalle que a documentación que consta en Gestiona, no expediente das ordenanzas está incompleta, e o que se leva é o artigo 2 e o 6, o resto da ordenanza fiscal non se modifica nada, que iso pertence á redacción da ordenanza orixinal.

Sometida a votación a proposta da alcaldía, obtivo os votos a favor dos seis concelleiros do Grupo do PSOE e da concelleira do Grupo do BNG e votan en contra e os tres concelleiros do Grupo do PP, resultando aprobada por maioría absoluta a proposta de Alcaldía en todos os seus termos.





Concello de Lourenzá

5.MOCIÓN BNG CREACIÓN CENTRO TRANSFORMACIÓN PRODUCTOS DO AGRO E GANDERÍA

Sen acordo

A voceira do BNG pasa a ler a seguinte Moción:

“ MOCIÓN PARA CREACIÓN DUN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE PRODUCTOS DO AGRO E DERIVADOS DA GANDARÍA.

Xustificación:

O sistema alimentario industrial permítenos un acceso cómodo e rápido a todo tipo de alimentos sin que moitas veces sexamos conscientes do impacto negativo que este consumo provoca.

Consumimos alimentos ultra procesados, comemos froitas e hortalizas, fóra da súa tempada cultivados a miles de quilómetros e a miúdo producidos cun uso elevado de praguicidas.

Ao mesmo tempo abandonamos a nosa produción autóctona e deixamos esmorecer os nosos pobos.

Sabemos que vivir da agricultura e a gandaría a pequena escala é cada día máis difícil, pero faise preciso cambiar esa realidade para acadar un sistema alimentario xusto e sostible co noso entorno, impulsando a economía local e veciñal.

En Lourenzá e nos seus arredores existe unha produción importante de froitas, verduras, hortalizas e leguminosas, nomeadamente a Faba; pero moitas veces os excedentes non se comercializan por diversas circunstancias como poden ser problemas loxísticos, cambios na demanda do mercado ou as condicións climáticas.

A transformación e conservación de alimentos é unha actividade social e económica que permite o desenrolo da sociedade e do territorio.

Un centro de transformación agro-alimentario compartido pode ser unha ferramenta de dinamización para acadar este fin.

Impulsar esta infraestrutura pode poñer en valor o produto local propio, crear emprego e mesmo xerar beneficios que contribúan a reactivar a economía.





Concello de Lourenzá

Os obxectivos que se pretenden acadar con este proxecto son:

- Aumentar a produción e conservación e o consumo de alimentos de proximidade.
- Transformar e elaborar a produción local para darlle un valor engadido.
- Diversificar o uso da terra favorecendo a rotación de cultivos.
- Dar saída a froitas, verduras e hortalizas que non teñen a condición de produtos de primeira calidade, pero que sí son aptas para o consumo. É dicir, aproveitar os excedentes.
- Crea oportunidades de traballo, en especial a mulleres e colectivos en risco de exclusión social.

Un obradoiro daríanos a oportunidade de contar co apoio técnico axeitado para cumprir coa regulamentación e a garantía sanitaria precisa tanto a hora de manipular como de lanzar un produto alimentario ao mercado ou conservalo para autoconsumo.

Un espazo compartido entre varios concello da contorna interesados neste tipo de actividade, permitirían aos veciños dispor dun local con maquinaria profesional sin necesidade de facer unha gran inversión pois contarían con neveiras, fornos ou autoclaves, cumprindo coa normativa sobre seguridade e sanidade alimentaria, e contando tamén con asesoramento nas necesidades de xestión.

Esta iniciativa permitiría aos pequenos produtores aforrar custos e poñer en práctica os seus coñecementos, así como adquirir experiencia a través de actividades de formación, e ao mesmo tempo, ver a posible viabilidade de cara a adicarse a outros proxectos derivados destas actividades.

Por todo o exposto, propono ao Pleno a adopción do seguintes

ACORDO

- Iniciar os trámites para a creación dun espazo de traballo colaborativo, compartido e formativo adicado a transformación de produtos do agro e gandeiros para dar saída ao excedente de produción, dirixido a pequenos produtores.
- Poñer en coñecemento de concellos veciños a iniciativa de cara a que se sumen a ella.





Concello de Lourenzá

- Buscar asesoría nas Administracións Central, Autonómica ou Provincial e investimentos mesmo dos Fondos Europeos, a través dos diferentes plans e axudas ás que poder acollerse.”

A Sra. Fanego informa de que na zona non hai ningunha proposta en marcha pero que cando se invitou hai uns anos a Moeche, que teñen a Fusquenlla ou noutros puntos de España como Valencia ou o País Vasco, como modelo. Falamos dos pequenos produtores, que non se desperdicien restos da faba ou outros alimentos e que se poidan transformar como por exemplo facer hummus, conservas, etc.

Dende o equipo de Goberno Local propónse deixala enriba da mesa e preparar unha reunión cos posibles interesados e mira as opcións para levalo a cabo.

Sometida a votación a Moción obtivo:

A favor os votos da concelleira do BNG e dos 3 concelleiros do PP.

Os 6 concelleiros do PSOE votan en contra da Moción presentada polo BNG e a favor da súa proposta.

Polo que non resulta aprobada a Moción presentada polo Grupo do BNG.

6.MOCIONS DE URXENCIA

Preguntado polo Sr. Alcalde en funcións se existen mocións por vía de urxencia, e manifestando os Sres. Voceiros do PSOE, do PP e do BNG que non hai ningunha, procédese a pasar ao seguinte punto da orde do día.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

7.DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DENDE O 1/1/2025 ATA O 30/4/2025

Os Señores Concelleiros danse por enterados.

8.DACION DE CONTA: TIPO IMPOSITIVO 2025, PMP 1Tº2025 e EXEC ORZAMEN 1Tº2025

Don Javier Huertas pon en coñecemento dos membros do Pleno a información subministrada os organismos correspondentes, sobre o seguinte:

-Tipo impositivo 2025

-PMP 1º T 2025:37,80 días





Concello de Lourenzá

-Execución orzamentaria 1ºT 2025

Os Señores Concelleiros danse por enterados

C) ROGOS E PREGUNTAS

9.PREGUNTA PP PUNTO LIMPO

Indica o Sr. Voceiro do PP que en realidade a formulación non era en forma de pregunta senón que o que se solicitou por instancia xeral era a documentación.

A Sra. Secretaria-Interventora municipal informa que cando chegou a solicitude, tras revisar o contido, creron que era unha pregunta para o Pleno dada a redacción dada e por iso se meteu como punto na orde do día.

Acordáse dar unha pequena explicación sobre da cuestión plantexada neste Pleno por parte do Sr. Alcalde en funcións e posteriormente facer chegar a documentación requirida.

O Sr. Voceiro do PP pasa a ler a pregunta

“ Segundo a resolución de alcaldía 2024/0505 onde se da conta do pago dunha sanción da dirección Xeral de Calidade Ambiental de 5.250 € do procedemento sancionador referencia: LU-RES-2023-001, pola xestión no punto limpo.

Dende o grupo do Partido Popular de Lourenzá solicitamos información e documentación, para saber en qué situación administrativa se encontra o punto limpo (pois o estado físico en moitas ocasións deixa moito que desexar), é dicir, se hai algún expediente aberto en canto o punto limpo se refiere, e no caso de ser así, quixeramos saber de que se trata. En caso de que non haxa ningún expediente aberto saber si está todo correcto.”

O Sr. Alcalde en funcións informa de forma resumida de que a sanción de 5.250 euros pagouse e pechouse o expediente e que esta foi a cuantía menor que nos impuxeron por ter mal almacenado os residuos que xa se corrixiron, que tiñamos que comprar unha báscula pero que non se comprou todavía porque non hai ningún Concello da redonda que a teña e estamos falando co Concello de Foz para ver cómo proceder así como a construción dunhas cubas por si había filtracións que se recolleran nelas e que se están rematando de construír. O problema maior foi que cando fixeron a inspección había dentro do recinto unha persoa allea ás instalacións, que estaba recollendo residuos como ferralla e cando se fixo a alegación se dixo que tiña permiso dun traballador do Concello





Concello de Lourenzá

para o que estaba facendo. Agora ese problema está arranxado porque non se permite o acceso de ninguén externo ao punto limpo pero que se están a producir cortes nas vallas para acceder cando non hai ninguén ou incluso saltanse.

Pregunta dende o PP si non hai cámaras ao que o Sr. Alcalde en funcións informa de que non, que as había pero que dende hai anos non funcionan. Que agora todo está correctamente pero que esa sanción houbo que pagala.

O Sr. Arango explica que a él persoalmente cando foi levar os seus propios enseres alguén lle axudou a descargar o que levaba, que estaban xa na porta e que incluso parte do que levaba para depositar, a persoa que o axudou, levouno ella, sen metelo no punto limpo.

O Sr. Alcalde en funcións indica que están xa fóra do recinto e que igual non deberían deixalos estar alí, pero que si lle lo impiden é peor porque entónces é cando rompen as vallas. Comenta que alomenos unha destas persoas é ordenada e deixa todo recollido unha vez que colle o que precisa.

Preguntan dende o PP cómo é o funcionamento actual do servizo de recollida de enseres e si está funcionando de forma habitual.

O Sr. Alcalde en funcións informa de que houbo un pequeno retraso na recollida dos enseres e que dende hai aproximadamente un mes estase a volver á normalidade. Debido a ese retraso o que adoitaba recollerse na primeira semana do mes agora estase a realizar case que todos os días coa finalidade de retomar a normalidade o antes posible.

Preguntan dende o PP si o horario do punto limpo segue a ser o mesmo. E si ese servizo ten algún custe para os veciños

Responde o Sr. Alcalde en funcións que sí, segue a ser o mesmo horario. En canto ao custe para os veciños, o servizo é gratuíto.

Indica o Sr. Alcalde en funcións que a continuación seguirase cos rogos e preguntas presentadas polos Voceiros dos grupos municipais do PP e do BNG

ROGOS

A Sra Voceira do BNG pasa a ler os rogos presentados polo seu grupo político:

- Lourenzá é un concello que aposta por mellorar a calidade de vida dos seus veciños e tamén por asentar poboación e atraer visitantes. Para todo isto é preciso andar ao día nas últimas tendencias e tamén velar e fomentar a saúde da poboación.

A día de hoxe este concello non dispón de algo tan básico como son puntos públicos para a recarga de vehículos eléctricos.

Tamén é un dos poucos concellos da Mariña que non dispón de ningún parque bio saudable no seu territorio, a pesar da importancia que aquí se lle da ao deporte a través das súas Escolas Deportivas, empezando dende a infancia, sendo estas ademais un exemplo inmejorable do bo facer. Por isto botamos en falta este tipo de infraestruturas en todas as parroquias que compoñen o Concello, posto que esta sería unha ferramenta moi boa para que os nosos maiores que teñen menos capacidade de desprazarse ata o Ximnasio municipal





Concello de Lourenzá

puidesen facer algún tipo de actividade física cerca dos seus fogares.

Por todo o exposto rogamos ao grupo de goberno que valore estas necesidades e realice as acutacións precisas para levalas a cabo, algo co que todas saíramos gañando.

- Rogamos que se coloque un espello no cruzamento da estrada LU P 2801 coa pista que sae do colexio de Santo Adrao no lugar de A Igrexa. Existen farois na beirarrúa que posibilitan a súa colocación.

- Xa fai meses que foron instalados resaltes reductores de velocidade pola zona de Pousada e a día de hoxe non están sinalizados. Seria conveniente facelo.

- Supoñemos que este concello dispón de algún tipo de ferramenta que se poida empregar no desatasco da rede de sumidoiros. Rogamos novamente que se proceda de xeito mecánico á súa limpeza e se evite que operarios municipais o fagan de xeito manual pois nin é efectivo nin adecuado.

- Un ano mais nestas datas nas que a herba e maleza están no seu apoxeo, neste concello as tarefas de rozado das beiras das estradas e das zonas de lecer están sen facer.

A herba está tan alta que nos cruzamentos entre pistas agrícolas e estradas de diversa titularidade a visibilidade é reducida ou nula, o que implica que para ver si hai ou non tráfico, debemos invadir unha parte da vía o que supón un perigo.

Por outra banda, despois de segar a herba queda todo amontoado no mesmo lugar o que impide ver onde remata exactamente o firme da estrada, e nas zonas de lecer o chan queda cheo de terróns o que o fai impracticable para o xogo dos nenos como parque infantil de Oural, por poñer un exemplo.

Este Concello gasta unha cantidade importante de cartos en pagar por tarefas de desbroce para manter limpas franxas de biomasa e outros espazos en que algunha que outra circunstancia consideran oportuno.

Rogamos que, posto que dispoñemos de medios mecánicos propios con tractor e operarios, axilice de unha vez por todas e poña o día un plan de traballo que facilite estas tarefas ao longo de todo o ano.

-Rogamos que proceda a limpeza da contorna do CEIP Juan Rey así como das escaleiras de acceso, que anque non se usan están cubertas de silvas.

- O Centro de saúde de Lourenzá continúa sendo de titularidade municipal posto que a pesares de iniciarse os trámites para a súa cesión ao SERGAS fai aproximadamente uns 10 anos, este proceso non chegou a rematarse, polo tanto, o mantemento do edificio e o resto de gastos que leva o seu funcionamento seguen a ser de competencia municipal.

Rogamoslle que procedan a dotar dito edificio dun xerador para electricidade (tamén no centro de Día) en caso de que se produza algún fallo no subministro de enerxía eléctrica. Temos constancia que recentemente se produciron danos nas vacinas e medicacións existentes nas neveiras do centro, posto que pasaron varias horas sen subministro e perdeuse a cadea de frío. Ademais tamén é preciso modificar parte da instalación eléctrica e engadir novos enchufes adaptados as necesidades actuais do servizo. Estas actuacións son básicas de





Concello de Lourenzá

cara a poder ofertar unha asistencia adecuada a poboación en caso de urxencia, pois a saúde dos nosos veciños é o primeiro polo que velar.

O Sr. Alcalde en funcións toma nota dos rogos presentados e estudíaranse as propostas.

Por parte do grupo municipal do PP, o Sr. Voceiro pasa a ler os seus rogos:

- Na Ponte de Palacios atopámonos desde o carnaval un desprendimento considerable de rochas hacia o río, co perigo que supón por ser camiño de paseo en estado lamentable e tamén entrada e saída de vehículos dunha vivenda que ten esa saída unicamente. Rogamos o solucionen o antes posible.

- Estamos cansos de preguntar en anteriores plenos cando pensan arranxar e substituír as farolas e luces que están en mal estado, rotas ou arrancadas, e que aínda non foron repostas no seu lugar.

A resposta que recibimos en moitas ocasións é “xa tomamos nota”. Rogamos que non só tomen nota, senon que procedan a realizar estes arranxos o antes posible, sen poñer máis excusas.

O Sr. Alcalde en funcións toma nota dos rogos presentados e estudíaranse as propostas

PREGUNTAS

A Sra. Voceira do grupo municipal do BNG realiza as seguintes preguntas:

- Na relación facilitada de Asociacións rexistradas no Concello non aparecen a Asociación Cutural e Veciñal de San Adriano nin a ACIAL. Isto débese a un erro ou a que non consta actividade nelas?

Indica o Sr. Alcalde en funcións que non é obrigatorio no Concello que estean dadas de alta e o Sr. Arango indica que non están dadas de alta ningunha das dúas.

Pode actualizar de novo a situación da ACIAL? Presenta ou non presenta actividade? Non fai moito, aparecía nos anuncios do desfile do Entroido, pero logo en outras actividades mencionábase colaboracións de persoas particulares e de distintas asociacións sen nomear ningunha concreta.

Tendo en conta que o tenente de Alcaldesa e actual Alcalde exerce ou exercía de presidente de dita asociación, sería conveniente aclarar a situación na que se atopa e darlle unha solución a problemática que presenta.

O Sr. Alcalde en funcións indica que non vai falar nada de ese tema porque é un





Concello de Lourenzá

tema privado dos socios desa asociación.

Indica a Sra. Fanego que si ten que ver porque recibe subvencións e o Sr. Huertas agora sí é Alcalde ten interese.

O Sr. Huertas indica que colabora coas actividades organizadas polo Concello, pero non reciben subvencións.

Aclara o Sr. Arango que aínda que solicitasen no seu momento subvencións ou axudas deste Concello nunca obtiveron ningunha xa que quedaron excluídas e así seguirá sendo xa que non se atopan inscritas no Concello como Asociación e por tanto non cumpren cos requisitos necesarios.

- Por canto tempo está cedida a antiga escola de Arroxo? En qué condicións? Quén se fai cargo do mantemento e dos gastos correntes?

O Sr. Alcalde en funcións aclara que non está cedida, hai unhas persoas que fan actividades e cuidan da escola. Están alí por un periodo de proba e que agora se está tratando de facer un convenio ou unha cesión para que eles se fagan cargo do local.

Pregunta a Sra. Fanego que por canto tempo foi ese periodo de proba?

Indican o Sr. Alcalde en funcións e o Sr. Arango que foi un acordo verbal e que ogallá houbera máis persoas interesadas en facerse cargo doutros locais.

O Sr. Arango indica que se vai a facer un convenio.

- De quen é titularidade do local da AA.VV. de A Cazolga?

O Sr. Alcalde en funcións indica que o local é de titularidade municipal.

A Sra. Gallo indica que é así, que estaba mal no Catastro.

O Sr. Alcalde en funcións indica que estase a arranxar ese erro de Catastro que dicía que pertencía ao Estado.

A Sra. Fanego pregunta que se fan gastos de mantemento e demais e que ela tiña entendido que era do Bispado, por iso pregunta.

- Nas resolucións de Alcaldía con data 11 de marzo de 2025, aprobouse unha factura de data 16/12/2024 por valor de 1.693,77 € en concepto de “defensa xurídica”. Con data de 17 de marzo de 2025 aprobouse outra factura de data 22/01/2025 por valor de 363 € no mesmo concepto, emitidas por Noceda Asesores. A que se corresponden?





Concello de Lourenzá

O Sr. Huertas indica que a factura de 1.693,77 euros é a de asistencia xurídica do Concello, ao que a Sra. Secretaria- Interventora municipal indica que é o seguro de asistencia xurídica que téñ o Concello. É de carácter anual.

A factura de 363 euros indica o Sr. Alcalde en funcións que é por un xuízo que houbo cunha traballadora.

- Entre as resolucións tamén figura outra factura de Noceda Asesores por valor de 60 euros pola tramitación da baixa dun vehículo. A qué vehículo corresponde?

Indica o Sr. Alcalde en funcións que corresponde á motobomba.

- Pensa este Concello interesarse polo proxecto da ampliación da canteira que ocupa parte do Castro de Flores?

Indica o Sr. Alcalde en funcións que sí. Comenta que Mariña Patrimonio tiña presentado queixas porque a canteira ocupaba parte de terreos e que hai un informe da técnica municipal no que indica que, como o 90% da canteira pertence ao término municipal de Mondoñedo, que no Concello de Lourenzá non está ocupando ningunha vía pública no noso Concello, entón isto en principio está resolto. O Concello enterouse pola prensa e non saben aínda que afectación vai ter no noso Concello. Nos informes que él téñ non se indica nada sobre do Castro de Flores.

A Sra Fanego informa de que ela tiña entendido que falaba do Castro de Flores e pregunta si no seguinte pleno se lle pode contestar a si o Castro de Flores segue a estar inventariado no Concello de Lourenzá.

O Sr. Voceiro do grupo municipal do PP realiza as seguintes preguntas:

- Qué medidas van a proceder co tema dos animais que aparecen abandonados? Teñen algún convenio con algunha protectora para este tipo de situacións? Que medidas pensan tomar?

O Sr. Alcalde en funcións indica que agora están preparados dous locais e que hai dous animais agora mesmo, vacunados e con microchip. O convenio que teñen é cunha protectora de Xermade e non está rematado completamente porque o texto que se lles pasou lles parece bastante elevado e están traballando no tema dos custes. Soamente poden contar coa protectora de Xermade porque é a única que lles pode ofrecer o que precisan, as demais non lles serven, ben por temas de espazo ou por servizos prestados. Agardase que no vindeiro mes este acordo





Concello de Lourenzá

quede feito.

- Estamos a pouco tempo de que chegue o verán e quixerámos saber como está o tema do campamento dos nenos para este ano. Se vai a realizar en caso afirmativo, con quen se vai a organizar? E, por último, cando se vai a facer publico para os pais?

Indicase polo Sr. Alcalde en funcións que este tema xa está resolta pola publicación das bases pero que non é oficial porque non están publicados oficialmente nin notificado ao Concello.

Pregunta a Sra. Gallo si da para cubrir os custos co que se lles cobra aos pais ou se os nenos que veñen doutros Concellos pagan igual.

A Sra. Fanego pide se se lle pode informar a ella de canto é a axuda que lles otorga a Xunta.

O Sr. Arango indica que como todos os anos, menos do que se pide, aproximadamente a metade do solicitado. E que o que se lles dice aos pais é que se houbera que contratar algún monitor a maiores son eles os que teñen que sufragar eses custos.

- En qué estado se atopa actualmente o arquivo municipal. Vai ser dixitalizado en algún momento.

O Sr. Alcalde en funcións indica que de momento non está dixitalizado e non se prevé que nun periodo curto de tempo o vaia a estar.

- Cal é a razón por a que se está a utilizar o coche de Protección Civil para as tarefas do Concello, cando todos sabemos que debería estar no seu sitio, cargado co material correspondente e preparado para saír en calquera momento en caso de urxencia.

O Sr. Alcalde en funcións indica que é verdade que nestas últimas semanas se estivo a utilizar para tarefas co remolque de recollida de enseres, de maneira puntual

Aclaran dende o PP que eles falan do vehículo novo.

O Sr. Alcalde en funcións indicase que se usa só para tirar do remolque, que o resto do vehículo está preparado para saír en caso de urxencia.

Aclaran dende o PP que no momento en que se fixo unha reunión se falou de que había que ter o vehículo nunhas condicións determinadas.





Concello de Lourenzá

- Cal é o motivo polo cal Lourenzá e as parroquias están en situación de abandono en aspectos como o mantemento das áreas de recreo, as estradas con conetas sen segar e as cruces con pouca visibilidade debido a que non se rozan, ademais de que estas tarefas parecen realizarse con atraso, por falta de previsión, como xa sucedeu en anos anteriores.

Vemos aínda encima que parte do que se está a arranxar e contratando e pagando a empresas externas, cando contamos con medios e persoal no noso Concello para facelo. Por qué se opta por esta formula? De qué partida se están a pagar estes gastos?

Indica o Sr. Alcalde en funcións de que o Concello non contan máis que con dous peons de servizos múltiples. Realmente cos traballadores cos que se contan son contratados grazas a Depuemprego, o tractorista e o operario forestal. O APROL RURAL, que é o que realmente se usa para estes temas aínda foi aprobado hai pouco tempo e que non é posible contratar a primeiros de ano, este ano contratarase no próximo mes e que non contamos con persoal suficiente ao longo do ano para poder facer o traballo. Este ano farase de forma manual porque os tractores non poden acceder a determinados lugares.

Este ano nos conceden dous operarios e non un como outros anos, e non se vai usar medios externos este ano. Van ter moitísimo traballo.

- Gustaríanos saber sobre a situación das prazas que aínda non foron cubertas no noso Concello. Seguimos vendo que a praza da funcionaria que se xubilou fai case un ano aínda non está cuberta, e ademais hai unha praza de persoal de mantemento que tamén está sen cubrir e outras que próximamente tamén van ser necesario reemplazar. Gustaríanos saber canto tempo mais terán que seguir asumindo o resto do persoal o traballo destas persoas que faltan por unha mala previsión dos gobernantes deste concello.

Indica o Sr. Alcalde en funcións que a praza do persoal de mantemento, neste momento as bases xa están publicadas ou pendentes de publicar. Sobre da praza da funcionaria xubilada esperan poder sacar o proceso selectivo en breve.

Falan desde o grupo municipal do PP da falta de previsión en canto as contratacións de persoal municipal, citando como exemplos a tardanza na contratación da administrativa para cubrir unha baixa por maternidade ou outras





Concello de Lourenzá

que en breve se saben que van estar nunha situación similar.

- Cales son os planes do Concello para promover a cultura local? Porque visto o Día das Letras Galegas que pasou sin pena nin gloria, destacando unha asociación cultural con pandereiteiras, ocasión axeitada para facer unha xornada cultural o día adicado as mesmas e sen embargo nos atopamos coa sorpresa que o día pasou totalmente desapercibido por este Concello. A qué se debe esa desgana?

O Sr. Arango pregunta si non houbo ningunha actividade cultural nesas datas. Con respecto as Cantareiras, non hai ningún problema cando se as chama e veñen sempre. En Lourenzá fanse moitas actividades culturais ao longo de todo o ano.

Dendo o PP informan de que sí, pero o mércores desa semana, cando moitas persoas non poden acudir.

E sen máis asuntos que tratar, por parte do Sr. Alcalde en funcións levántase a sesión sendo a hora indicada no encabezamento.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Cod. Validación: 6GM2LSG5QKH6T6SGC2MKEH9CP
Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 25

